



BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES MUNICIPALES A ENTIDADES PARA REALIZAR ACTIVIDADES CULTURAIS E/OU DEPORTIVAS PARA O ANO 2010

DISPOSICIONES XERAIS

O Concello de Cerceda convoca as presentes subvencions co obxecto de axudar as asociacions e entidades sen fins de lucro a acadaren os obxectivos que lle son propios xa que entendemos que son estas, coas súas actividades culturais e deportivas, axentes fundamentais na dinamización do territorio.

Estas bases, ao se axustar aos principios de obxectividade, publicidade, libre concorrencia e igualdade, teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencions municipais para realizar actividades socioculturais e deportivas en xeral, que contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do municipio ou presten servizos que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal.

1. Finalidade e obxecto

En xeral, serán obxecto de subvención as actividades levadas a cabo dentro do ámbito municipal que teñan por fin os seguintes:

- Dinamizar a xuventude do Concello.
- Promocionar a cultura e o benestar social do Concello.
- Promocionar o deporte, o exercicio físico, o coidado da saúde etc.

Os gastos susceptibles de subvención serán os que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro do 2009.

En xeral, non serán obxecto de subvención as actividades que se desenvolvan fóra do termo municipal, agás aquelas que sexan consecuencia de intercambios deportivos ou culturais ou a participación en campionatos.

As subvencions que son obxecto desta convocatoria en materia de actividades socioculturais e deportivas efectuaranse con cargo ás partidas orzamentarias que a continuación se especifican, e co límite da súa consignación orzamentaria:

| Obxecto | Aplicación orzamentaria | Límite orzamentario |
|------------------------|-------------------------|---------------------|
| Actividades culturais | 338.48000 | 3.600,00 euros |
| Actividades deportivas | 341.48000 | 63.000,00 euros |

2. Destinatarios

Poderán ser beneficiarias as entidades públicas ou privadas que estean na situación que fundamenta a concesión da subvención, que cumpran o disposto no artigo 13 da Lei 38/03 e que reúnan os seguintes requisitos:

- 1- Ter domicilio social no concello de Cerceda

- 2- Carecer de fins de lucro.
- 3- Estar debidamente inscritas no rexistro municipal de asociacións e entidades do Concello ou telo solicitado na data da petición.
- 4- Estar ao corrente da xustificación das subvencións concedidas no exercicio anterior ou ter solicitado unha prórroga debidamente xustificada e aprobada.
- 5- Non ter contraída ningunha débeda co Concello de Cerceda por ningún concepto, nin con calquera outra administración.
- 6- Os/as deportistas cercedenses non profesionais que destaquen por resultados en competicións oficiais e que estean en posesión da correspondente licenza federativa.

Non poderán acceder á concesión das subvencións municipais reguladas na presente convocatoria as seguintes entidades:

- 1- As entidades que por resolución firme fosen sancionadas por incumpriren as condicións previstas na autorización precisa para desenvolveren a actividade.
- 2- As entidades que gocen dunha subvención nominativa no orzamento do exercicio 2008 para esta mesma finalidade.
- 3- As entidades que perdesen o dereito a obter as subvencións como consecuencia do procedemento sancionador correspondente, e polo prazo establecido na resolución.
- 4- As entidades que, en virtude da normativa vixente, teñan limitado ou suprimido este dereito, e, especificamente, os recollidos no artigo 13 da Lei 38/03.

3. Obrigas das entidades ou persoas beneficiarias

Serán obrigas das beneficiarias:

- 1- Aceptar a subvención. Caso contrario, deberán renunciar expresa e motivadamente a esta no prazo máximo de 10 días naturais, que contarán a partir daquel en que reciban a notificación da concesión da subvención.
- 2- Realizar as actividades que son obxecto de subvención.
- 3- Acreditar que cumpriron a finalidade para a que foi concedida a subvención, coa presentación da memoria e da documentación xustificativa dos gastos que se realizasen (facturas orixinais ou fotocopias compulsadas).
- 4- Someterse ás actuacións de comprobación do concello e ás de control financeiro que lle corresponde á Intervención municipal, así como facilitar a información que o Tribunal de Contas lle requira.
- 5- Comunicarlle ao concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade, inmediatamente despois de que se comuniquen.
- 6- Sinalar en todo tipo de publicidade que esta actividade conta co financiamento do Concello coa expresión: "Promove o Concello de Cerceda".
- 7- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan.
- 8- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluíndo os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións e control.

- 9- Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei 38/03 xeral de subvencións.

4. Documentación

Deberá presentarse no rexistro xeral deste concello a seguinte documentación para a solicitude de subvención:

1. A solicitude normalizada, que se facilitará nas oficinas do Concello.
2. Unha memoria explicativa da actividade que se pretende realizar.
3. O orzamento de ingresos e de gastos, con expresión da súa forma de financiamento.

Para a inscrición no rexistro de entidades do Concello de Cerceda, as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

- A solicitude normalizada que se facilitará nas oficinas de rexistro do Concello
- Unha fotocopia dos estatutos da entidade.
- Unha fotocopia da acta de constitución da entidade.
- Unha fotocopia do CIF da entidade.
- Unha declaración das subvencións solicitadas e/ou concedidas por outros organismos públicos ou privados para o mesmo fin.
- Unha declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Cerceda, con outras administración e coa Seguridade Social.

Se a solicitude non reunise todos os datos de identificación da entidade solicitante ou non se presentase toda a documentación esixida nestas bases, requiriráselle á entidade solicitante para que corrixa a falta ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles. No requirimento apercebírase de que, se non o fixese, terase por desistida a súa petición logo dunha resolución e de acordo co establecido na Lei 30/1992, de réxime xurídico e procedemento administrativo común e mais na Lei 38/2003 xeral de subvencións.

5. Prazo de solicitude

O prazo para presentar as solicitudes é de trinta días naturais, que contarán a partir do día seguinte ao de se publicar esta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

6. Concesión das subvencións para actividades

Unha comisión de avaliación formularalle a súa proposta motivada á Xunta de Goberno Local ou ao órgano en quen delegue que, logo do informe da Intervención municipal, adoptará a resolución motivada que proceda.

O órgano correspondente concederá as axudas e subvencións, segundo os criterios que a continuación se sinalan:

1. Contemplarase a súa representatividade no municipio, gozando de especial consideración aquelas actividades que se aborden conxuntamente por varias entidades.

2. Terase en conta o grao de interese xeral ou sectorial, a utilidade ou o servizo que se propoña realizar e a coordinación e a complementariedade cos programas municipais.
3. Considerarase a súa capacidade económica autónoma e as axudas que reciban doutras entidades públicas.
4. Valorarase o carácter periódico ou permanente das actividades subvencionadas, agás que se trate de actos puntuais e de carácter extraordinario que inciten á participación social, cultural ou deportiva.

O importe da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 80% do custo da actividade que se vai realizar.

A obtención concorrente doutras administracións ou entidades públicas ou privadas en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade; este suposto dá lugar a unha modificación da resolución da concesión.

7. Notificación e publicación da resolución

A resolución da concesión deberá notificarse expresamente a todos/as os/as solicitantes de forma fidedigna por calquera dos medios previstos nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello unha relación das subvencións concedidas en que se indicara as beneficiarias, a contía e a convocatoria da subvención.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan, nos prazos legalmente establecidos.

8. Xustificación

O prazo de xustificación para actividades rematará improrrogablemente o día 1 de decembro do ano 2010, e comeza a contar dende o día seguinte ao de se comunicar que se concedeu a subvención.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo establecido ou non se desiste de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que desiste da súa petición. A Xunta de Goberno iniciará o expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselles á entidade e á Intervención municipal para o seu reflexo contable.

Estes prazos, así como o de presentación de solicitudes, entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días hábiles que se concederá no caso de presentar a documentación incompleta.

A xustificación farase ao presentar no rexistro do Concello o formulario correspondente debidamente cuberto.

As entidades deberán presentar os xustificantes pola totalidade dos gastos efectuados na forma que se dispón no presente artigo. O Concello de Cerceda modificará as contías no caso de non xustificar a totalidade dos gastos, ou aínda que se xustifique o total dos gastos, por non presentar correctamente os documentos xustificativos esixidos neste artigo.

A xustificación presentada polos beneficiarios remitiráselle á Intervención para que a fiscalice, que poderá comprobar a utilización dos fondos públicos que se recibiron nas actividades para as que se concedeu a subvención.

O feito de non presentar a xustificación dentro do prazo levará automaticamente a perder a subvención e, en consecuencia, ao non pagamento desta, logo da resolución correspondente.

O Concello de Cerceda resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a documentación xustificativa presentada é correcta, e queda obrigado o/a beneficiario/a a facilitar canta información lle requira o servizo xestor e a Intervención xeral.

Os xustificantes dos gastos para realizar as actividades subvencionadas deberán corresponder necesariamente aos gastos ocasionados para cumprir a finalidade para a que foi concedida a subvención, e non se admitirán como xustificación os gastos realizados para o cumprimento de fins distintos. Neste sentido serán determinantes os conceptos que figuren nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos.

Admitiranse como xustificantes facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Os elementos que deben incluírse na factura son os seguintes:

- O nome ou a razón social da empresa que factura e o seu NIF.
- A identificación da entidade, co CIF.
- A data de emisión.
- O importe total. Se figuran varios artigos, é necesario que se detallen e se describan os conceptos detallados.
- Debe aparecer o IVE de forma diferenciada, a base impositiva, o tipo de IVE aplicable e o importe total máis o IVE correspondente.
- Cando unha entidade estea exenta de IVE, deberá especificarse na factura.

Para xustificar os gastos pertencentes a persoal (cursos, conferencias, árbitros, adestradores etc.) admitiranse nóminas orixinais asinadas pola persoa perceptora ou ben fotocopias compulsadas. Excepcionalmente poderán xustificarse co "modelo de recibín" esixido e aprobado polo Concello, sendo obrigatorio achegar fotocopia do NIF das persoas que teñen feito a presentación descrita neste modelo.

En ningún caso se admitirán como xustificante de gastos os seguintes:

- Aquelas facturas onde non consten claramente os conceptos que foron obxecto da subvención.
- Aquelas facturas que conteñan conceptos non subvencionables (aínda que dentro destas mesmas consten conceptos subvencionables).
- Aquelas facturas que non veñan presentadas en forma e modo.

9. Pagamento da subvención

De acordo coa nova Lei xeral de subvencións, non son posibles os pagamentos antes de realizar ningún tipo de xustificación, polo que as subvencións se aboarán despois da xustificación dos gastos e vista a documentación, previa valoración polo órgano competente de se cumpriu a finalidade básica que é obxecto da subvención, e neste caso, a respecto da que se efectúa o pagamento.

No suposto de presentar a totalidade dos xustificantes de pagamento requiridos e que se certifique que se cumpriron os obxectivos con respecto ás previsións iniciais, aboarase a totalidade da subvención.



Disposición adicional primeira

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as bases para a execución do Orzamento xeral do Concello de Cerceda

Disposición adicional segunda

1. A aprobación da presente convocatoria queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do Orzamento do concello do exercicio 2009 en que se conteñen os créditos adecuados e suficientes para atender as solicitudes que ao abeiro daquela se presenten.
2. Consonte co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña directa ou indirectamente un compromiso municipal de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada no apartado anterior.
3. En ningún caso a presente convocatoria xerará ningún dereito a favor dos solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.